



XORNADAS SOBRE ÁLBUM E INFANCIA

CLAVES DE MEDIACIÓN

Benvidas e benvidos!

Nestas xornadas trataremos de afondar de xeito teórico e práctico en aspectos da mediación que poñen de relevancia a relación entre corpos, saberes e lecturas. Tamén atoparemos no formato do álbum un soporte para xerar intervencións literarias para a infancia na súa diversidade e desenvolver os nosos propios itinerarios de mediación.

A CORUÑA

17 E 18 DE MARZO

**Facultade de Ciencias
da Educación, UDC**

CAMPUS ELVIÑA S/N, 15071 A CORUÑA

**AFORO PECHADO
A ESTUDANTES Y PROFESIONAIS
DA BIBLIOTECA**



ORGANIZADO COA AXUDA DE:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HISPANIA

Patricia Carballal Miñán
Sonia Hermida Galán
Montse Muriano Rodríguez
Iria Sobrino Freire

LUNS 17 E MARTES 18 DE MARZO

10:00-18:00
Obradoiros(*)

LUNES 17
10:00-11:30
12:00-13:30
16:30-18:00

MARTES 18
10:00-11:30

**Cada participante realizará dous obradoiros de 90 minutos cada un. Os obradoiros se ofrecen en simultáneo nesas dúas quendas.*

Agora que imos despacio, imos contar un álbum, tralará

SONIA HERMIDA


Como contamos unha historia? Que ferramentas propias ou alleas utilizamos para compartilas con toda a infancia (sen deixarnos a ninguén polo camiño)? Que pasa se non comprendemos un texto? E se non podemos ouvir ou ver un libro? Neste obradoiro xogaremos a contar historias de formas diversas para tratar de vermos o mundo dende o lugar dos nenos e nenas que as reciben. Tras unha breve aportación de claves prácticas, os/as participantes traballarán por grupos para deseñar unha estratexia de mediación literaria inclusiva.

Lectura compartida de libro álbum con nenas e nenos: terreo vizoso para a conversa

ISABEL BENITO

O libro álbum ofrece unha lectura acolledora que se presta especialmente a ser compartida. A súa diversidade de códigos brinda vías de acceso a persoas con distintas capacidades, competencias e experiencias vitais. Por iso é unha lectura especialmente axeitada para ser levada á mediación. En mediación lectora a conversa é o medio para construímos significados individuais e colectivos. Neste obradoiro imos explorar as actitudes, habilidades e saberes necesarios para conversarmos con nenas e nenos a partir da lectura compartida dunha selección de libros álbum, e que facer para que a conversa sexa rica e con percorrido. Poñeremos en práctica estratexias e avaliaremos as posibilidades que éstas teñen nos contextos de mediación que nos interesen: escolar, bibliotecario, ocio, familia...

RELATORAS



Isabel Benito

Isabel Benito é licenciada en Filosofía, Máster en Promoción da Lectura e LIX.

Deseña e desenvolve programas de mediación lectora para centros educativos, entidades públicas e

privadas. Imparte formación relacionada coa LIX e a mediación lectora a docentes e persoal bibliotecario. Dende 2021 é responsable da programación de actividades culturais da Rede de Bibliotecas Municipais de Valladolid. Coordina o Festival LINA, Libros e Natureza, dende a súa primeira edición en setembro de 2019. É membro da Escola de Mediación, un proxecto de definición e divulgación da mediación lectora apoiado polo Ministerio de Cultura. Como narradora oral ten participado en programacións estables, feiras e festivais por todo o territorio nacional.



Sonia Hermida

Sonia Hermida é licenciada en Ciencias da Información, Máster en Lectura, Libros e Lectores infantís e xuvenís da Universidade de Zaragoza. Imparte obradoiros e sesións de narración oral para a

infancia e familias en diversos espazos.

Traballa como formadora vencellada á LIX, en especial no eido da inclusión, a familias, docentes e bibliotecarias. Ten deseñado diferentes programas de mediación lectora e formacións específicas para centros educativos e entidades públicas. Docente na VIII edición do Máster de LIX da Universidade de Zaragoza. Membro da directiva de Al otro lado, asociación de familias lectoras.

Coordina clubs de lectura infantís e un club de álbum ilustrado para mediadoras/es.



COLABORAN:



DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO,
DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA



BIBLIOTECAS
municipais

